

Clube de Montaña Xistra – Concursos

Na asemblea do 24 de xaneiro de 2014, acordáronse as bases do regulamento dos concursos para a actividade de montañismo dentro do club. A continuación amosamos o catálogo dos mesmos e as normas específicas para cada un deles. **Para participar teredes que presentar o parte da actividade realizada.**

CONCURSOS BASE

Concursos para socios infantís e xuvenís ata os 15 anos cumpridos e normas específicas de cada un.

3ª CATEGORÍA BASE:	10 MONTES DE MAIS DE 400m (1 ano)
2ª CATEGORÍA BASE:	12 MONTES DE MAIS DE 500m (1 ano)
1ª CATEGORÍA BASE:	15 MONTES DE MAIS DE 600m (1 ano)

PREMIO EN CADA CATEGORÍA: TROFEO ou DIPLOMA

Norma xeral para concursos base:

Unha vez cumpridos os 15 anos de idade os socios infantís pasarán automaticamente a puntuar nas categorías de maiores, empezando pola 3ª categoría. Si cumpren esa idade durante o período de concursos respectaráselles o concurso que estean facendo ata que o finalicen.

CONCURSOS SÉNIOR

Concursos para socios maiores de 15 anos e normas específicas de cada un.

3ª CATEGORÍA SÉNIOR:	15 MONTES DE MÁIS DE 500m E 2 DE MÁIS DE 700m (1 ano)
2ª CATEGORÍA SÉNIOR:	20 MONTES DE MÁIS DE 600m E 4 DE MÁIS DE 800m (1 ano)
1ª CATEGORÍA SÉNIOR:	25 MONTES DE MÁIS DE 700m E 5 DE MÁIS DE 1000m (1 ano)

PREMIO EN CADA CATEGORÍA: TROFEO ou DIPLOMA

ACUMULACIÓN DE METROS:

Ata 150.000m, 250.000m, 500.000m, 1.000.000m e así sucesivamente cada 500.000m. Este concurso é válido para tódolos socios e consisten na acumulación de metros de tódolos cumes ascendidos, en actividades do club ou como socios de forma particular, ata chegar ás cifras indicadas, sen ter limitación de tempo en ningunha delas. Tódolos que cheguen á cantidade de 150.000m poderá continuar ata 250.000m, 500.000m, 1.000.000m e así sucesivamente cada 500.000m. Se un socio acada dúas acumulacións nun ano, obterá unicamente recoñecemento pola maior.

PRAZO ILIMITADO

PREMIO: A elixir TROFEO ou DIPLOMA

Nota: para tódolos concursos, rexen as seguintes normas:

- *Serán contabilizados os montes realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro.*
- *Os partes de ascensión deben entregarse nun prazo non superior a 30 días dende a ascensión.*
- *último día para presentar os partes de ascensións dun ano será o terceiro (3º) día laborable despois do día de Aninovo (excepcionalmente os partes dos últimos 15 días de decembro poderanse adiantar por correo electrónico).*